

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CREACIÓN DO PLATÓ ONLINE GALICIA MICE NA CIDADE DA CULTURA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VIRTUAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 15 de setembro de 2020 coa ASOCIACIÓN DE ORGANIZADORES PROFESIONALES DE CONGRESOS DE GALICIA é o instrumento convencional arriba referido por unha duración necesaria para a creación do plató online Galicia MICE na Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración para a creación do plató online Galicia MICE na Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de



Cultura, Educación e Universidade que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*



d) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento das Industrias Culturais en toda a súa extensión, con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

Igualmente, como entidade adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, participa dos obxectivos previstos por dita Consellería no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

Pola súa banda, a ASOCIACIÓN DE ORGANIZADORES PROFESIONALES DE CONGRESOS DE GALICIA é unha asociación sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións sen ánimo de lucro, o 09 de xuño de 1994 co número 2.356.1994. Baixo a marca Galicia Mice, a Asociación engloba e representa os intereses de distintos asociados do sector da organización de eventos e congresos, vela pola mellora da calidade e máis na posta en valor dos servizos que no eido da organización profesional de congresos se desenvolven en Galicia.

Na procura dese obxectivo organiza actividades que afondan na mellora da cualificación do sector e máis na divulgación de Galicia como destino para a organización de congresos.

A ASOCIACIÓN DE ORGANIZADORES PROFESIONALES DE CONGRESOS DE GALICIA asinou coa Axencia de Turismo de Galicia (Consellería de Presidencia,



Xustiza e Turismo) un convenio de colaboración para impulsar a reactivación de Galicia como destino para o turismo de congresos, eventos, feiras ou reunións.

O acordo, enmarcado no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, inclúe unha batería de accións entre as que destaca a reactivación do portal Galicia MICE, centrado en facilitar a localización de recursos para os promotores de congresos, eventos ou reunións, iniciativas para impulsar a comunidade como destino para este tipo de actividades, así como a creación dun estudio online na Cidade da Cultura que favorecerá a realización de eventos virtuais.

O Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 13, como acción de promoción e de reactivación da demanda, inclúese o impulso do turismo MICE (reunións, incentivos, congresos e feiras), a través dun acordo de colaboración para a promoción do sector MICE.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en cumprimento dos obxectivos derivados dos convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a ASOCIACIÓN DE ORGANIZADORES PROFESIONALES DE CONGRESOS DE GALICIA, así como do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico, pon a disposición da ASOCIACIÓN DE ORGANIZADORES PROFESIONALES DE CONGRESOS DE GALICIA, a Sala de Convencións do edificio CINC para a instalación do Plató online Galicia MICE, unha ferramenta alternativa que permita a realización de congresos e eventos virtuais, un centro de reunións que, a modo de plató, poida ser usado polo conxunto do sector MICE de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

